LUNS **16 SETEMBRO** 2019 • ANO XIV – Nº 552 • Correo: liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

# 1. Líder



LUGO 3 0

# TRES PUNTOS NO AIRE

**O CD Lugo impúxose con autoridade ao Real Avilés sobre o terreo de xogo** nun partido moi completo na División de Honra xuvenil. Pero un despiste cos cambios, ao realizar un máis dos permitidos, pon en entredito a vitoria lucense ante a anunciada reclamación do conxunto asturiano

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CD Lugo – R. Avilés | 3–0 |
| R. Oviedo – Val Miñor | 2–1 |
| Ural CF – Conxo | 1–1 |
| Bansander – R. Ferrol | 1–0 |
| R. Santander – Calasanz | 1–0 |
| Sp. Gijón – At. Perines | 8–1 |
| Deportivo – RC Celta | 0–2 |
| TSK Roces – Marina Sp. | 2–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SPORTING GIJÓN | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 10 | 2 |
| **CD LUGO** | **6** | **2** | **2** | **0** | **0** | **6** | **1** |
| RC CELTA | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 2 |
| REAL OVIEDO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 4 | 1 |
| R SANTANDER | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 4 | 1 |
| BANSANDER | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 |
| RACING FERROL | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 2 |
| RC DEPORTIVO | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 2 |
| TSK ROCES | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 4 |
| CONXO SANTIAGO | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 3 |
| URAL CF | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 5 |
| ED VAL MIÑOR | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 3 |
| MARINA SPORT | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 4 |
| CD CALASANZ | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 4 |
| REAL AVILÉS CF | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 6 |
| ATL PERINES | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 11 |

### PRÓXIMA XORNADA

TSK Roces – Deportivo
At. Perinés – Ural CF
RC Celta – CD Lugo
Conxo – Bansander
R. Avilés – R. Santander
R. Ferrol – R. Oviedo
Calasanz – Sp. Gijón
Marina Sp. – Val Miñor

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| O Val – R. Bouzas | 4–1 |
| Choco – UD Ourense | 1–0 |
| EF Lalín – Victoria CF | 3–1 |
| RC Villalbés – Pabellón | 0–4 |
| Porriño – Pontevedra | 1–3 |
| CD Areosa – Valladares | 2–3 |
| Alondras – CD Lugo B | 1–2 |
| RC Celta B – Deportivo B | 1–0 |
| Ourense CF – Val Miñor B | 1–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PABELLON C.F. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 8 | 2 |
| PONTEVEDRA C.F. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 7 | 3 |
| VALLADARES | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 2 |
| R.C. CELTA "B" | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 3 | 0 |
| C.D. CHOCO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 |
| S.D. O VAL | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 6 | 3 |
| **C.D. LUGO "B"** | **4** | **2** | **1** | **1** | **0** | **4** | **3** |
| ALONDRAS C.F. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 5 | 5 |
| E.F. LALIN | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 5 | 5 |
| OURENSE C.F. | 2 | 2 | 0 | 2 | 0 | 3 | 3 |
| C.D. AREOSA | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 4 | 5 |
| U.D. OURENSE | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 3 |
| VAL MIÑOR "B" | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 1 | 3 |
| RAPIDO BOUZAS | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 3 | 6 |
| DEPORTIVO "B" | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 3 | 5 |
| VICTORIA C.F. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 4 |
| PORRIÑO C.F. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 5 |
| **R. VILLALBES** | **0** | **2** | **0** | **0** | **2** | **2** | **8** |

### PRÓXIMA XORNADA

O Val – Choco
Valladares – Alondras
UD Ourense – EF Lalín
CD Lugo B – RC Celta B
Victoria – R. Villalbés
Deportivo B – Ourense CF
Pabellón – Porriño
R. Bouzas – Val Miñor B
Pontevedra – CD Areosa

## XUVENIL L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estrada – Boiro | 1–3 |
| Orillamar – Victoria B | 2–0 |
| Conxo B – Calasanz B | 1–0 |
| Montañeros – Viveiro CF | 2–1 |
| Dumbría – Bergantiños | 1–0 |
| Ural B – RC Villalbés B | 2–1 |
| As Pontes – San Tirso | 2–0 |
| Residencia A – G. Caranza | 0–1 |
| R. Ferrol B – Compostela | 2–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C.D. CONXO "B" | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 10 | 2 |
| MONTAÑEROS C.F. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 2 |
| C.D. BOIRO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 2 |
| G. CARANZA | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 2 |
| URAL C.F. "B" | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 4 | 2 |
| S.D. COMPOSTELA | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 3 |
| ORILLAMAR S.D. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 2 |
| C.D. AS PONTES | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 4 |
| R. FERROL "B" | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 3 |
| **R. VILLALBES "B"** | **3** | **2** | **1** | **0** | **1** | **3** | **3** |
| CALASANZ "B" | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 2 | 2 |
| C.F. DUMBRIA | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 2 | 2 |
| ESTRADA FB | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 4 | 6 |
| VICTORIA C.F. "B" | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 3 | 5 |
| BERGANTIÑOS | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 4 |
| **RESIDENCIA** | **0** | **2** | **0** | **0** | **2** | **1** | **4** |
| SAN TIRSO S.D. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 4 |
| **VIVEIRO C.F.** | **0** | **2** | **0** | **0** | **2** | **3** | **11** |

### PRÓXIMA XORNADA

Estrada – Orillamar
RC Villalbés B – As Pontes
Victoria B – Conxo B
San Tirso – Residencia
Calasanz B – Montañeros
G. Caranza – R. Ferrol B
Viveiro CF – Dumbría
Boiro – Compostela
Bergantiños – Ural B

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Val Miñor – Coruxo | 1–3 |
| Conxo – Victoria | 2–4 |
| Arosa SC – Bergantiños | 1–4 |
| San Tirso – Pabellón | 1–2 |
| Pontevedra – AJ Lérez | 1–1 |
| Ural – RC Celta | 1–5 |
| Bertamiráns – CD Lugo | 0–3 |
| Calasanz – RC Deportivo | 0–5 |
| R. Ferrol – X. Oroso | 2–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 9 | 0 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 11 | 3 |
| VICTORIA C.F. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 7 | 3 |
| PABELLON C.F. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 4 | 2 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 5 | 2 |
| CORUXO F.C. | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 5 | 3 |
| RACING FERROL | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 4 | 3 |
| **C.D. LUGO** | **3** | **2** | **1** | **0** | **1** | **4** | **2** |
| SAN TIRSO S.D. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 2 |
| URAL C.F. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 6 |
| X. OROSO | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 3 |
| CONXO SANTIAGO | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 3 | 5 |
| A.J. LEREZ | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 1 | 4 |
| PONTEVEDRA C.F. | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 3 | 7 |
| C.D. CALASANZ | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 1 | 6 |
| AROSA S.C. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 6 |
| E.D. VAL MIÑOR | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 6 |
| BERTAMIRANS C.F. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 7 |

### PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor – Conxo
RC Celta – Bertamiráns
Victoria – Arosa
CD Lugo – Calasanz
Bergantiños – San Tirso
Deportivo – R. Ferrol
Pabellón – Pontevedra
Coruxo – X. Oroso
AJ Lérez – Ural

## CADETE L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estrada – Boiro | 2–2 |
| Deportivo B – CD Lugo B | 7–0 |
| Conxo B – Calasanz B | 2–2 |
| Montañeros – Viveiro CF | 9–0 |
| R. Ferrol B – Dumbria | 2–1 |
| Ural B – RC Villalbés | 5–1 |
| Bergantiños B – San Tirso B | 1–1 |
| Milagrosa – G. Caranza | 0–1 |
| Imperator – Compostela | 0–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MONTAÑEROS | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 11 | 0 |
| S.D. COMPOSTELA | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 4 | 0 |
| GALICIA CARANZA | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 4 | 1 |
| R. FERROL "B" | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 3 |
| DEPORTIVO "B" | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 8 | 1 |
| BOIRO | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 5 | 2 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 4 | 2 |
| C.D. CONXO "B" | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 4 | 3 |
| URAL C.F. "B" | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 6 | 4 |
| **C.D. LUGO "B"** | **3** | **2** | **1** | **0** | **1** | **5** | **7** |
| CALASANZ "B" | 2 | 2 | 0 | 2 | 0 | 3 | 3 |
| BERGANTIÑOS "B" | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 4 |
| ESTRADA FB | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 7 |
| C.F. DUMBRIA | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 4 |
| **MILAGROSA** | **0** | **2** | **0** | **0** | **2** | **0** | **3** |
| **R. VILLALBES** | **0** | **2** | **0** | **0** | **2** | **3** | **8** |
| IMPERATOR O.A.R. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 5 |
| **VIVEIRO C.F.** | **0** | **2** | **0** | **0** | **2** | **1** | **11** |

### PRÓXIMA XORNADA

Estrada – Deportivo B
Villalbés – Bergantiños B
CD Lugo B – Conxo B
S. Tirso B – Milagrosa
Calasanz B – Montañeros
G. Caranza – Imperator
Viveiro CF – R. Ferrol B
Boiro – Compostela
Dumbria – Ural B

## INFANTIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Victoria – EF Lalín | 2–3 |
| Deportivo – CD Lugo | 3–0 |
| G. Caranza – Bergantiños | 1–2 |
| San Tirso – SD Viveiro | 3–1 |
| R. Ferrol – Victoria | 2–4 |
| Ural – Narón | 4–2 |
| Bertamiráns – Calasanz | 2–1 |
| Salvora – Conxo | 0–4 |
| X. Oroso – Montañeros | 4–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 10 | 0 |
| X. OROSO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 8 | 0 |
| VICTORIA F.C. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 9 | 4 |
| BERTAMIRANS F.C. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 6 | 1 |
| URAL C.F. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 7 | 3 |
| MONTAÑEROS C.F. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 8 | 4 |
| G. CARANZA | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 5 | 3 |
| C.D. CONXO | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 4 |
| SAN TIRSO S.D. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 5 | 6 |
| NARÓN O FREIXO | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 5 |
| **C.D. LUGO** | **3** | **2** | **1** | **0** | **1** | **1** | **3** |
| E.F. LALIN | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 6 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 2 | 8 |
| VICTORIA C.F. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 4 |
| RACING FERROL | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 3 | 6 |
| C.D. CALASANZ | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 5 |
| **S.D. VIVEIRO "A"** | **0** | **2** | **0** | **0** | **2** | **2** | **7** |
| SALVORA, C.F. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 12 |

### PRÓXIMA XORNADA

Victoria – Deportivo
Narón – Bertamiráns
CD Lugo – G. Caranza
Calasanz – Salvora
Bergantiños – San Tirso
Conxo – X. Oroso
SD Viveiro – R. Ferrol
EF Lalín – Montañeros
Victoria – Ural




## INFANTIL 1º Aut. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Castro – EF Viveiro | Martes |
| Guitiriz – CD Foz | 2–2 |
| SD Ribadeo – Burela SD | 3–4 |
| SD Viveiro B – Río Ouro | 3–1 |
| Pontenova – RC Villalbés B | 6–4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SP. PONTENOVA | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 6 | 4 |
| S.D. VIVEIRO "B" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 1 |
| BURELA S.D. | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 3 |
| C.D. FOZ | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 2 | 2 |
| GUITIRIZ S.D. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 2 | 2 |
| C.D. CASTRO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| E.F. VIVEIRO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SD RIBADEO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 3 | 4 |
| R. VILLALBES "B" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 4 | 6 |
| A.D. RIO OURO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 3 |

### PRÓXIMA XORNADA

EF Viviero – Pontenova
Río Ouro – SD Ribadeo
CD Foz – CD Castro
Villalbés B – SD Viveiro B
Burela SD – Guitiriz

## INFANTIL 1º Aut. CENTRO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Villalbés A – Piringalla B | 13–0 |
| Casás A – Residencia A | 0–5 |
| CD Lugo B – Sagrado | 4–0 |
| Ferroviaria A – Milagrosa | 1–3 |
| Polvorín A – Fonsagrada | 8–4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R. VILLALBES "A" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 13 | 0 |
| RESIDENCIA "A" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 5 | 0 |
| EF POLVORIN "A" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 8 | 4 |
| C.D. LUGO SAD "B" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 0 |
| S.C.D. MILAGROSA | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 1 |
| FERROVIARIA "A" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 3 |
| FONSAGRADA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 4 | 8 |
| S. CORAZON | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 4 |
| C.P. CASÁS "A" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 5 |
| PIRINGALLA "B" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 13 |

### PRÓXIMA XORNADA

Piringalla B – Polvorín A
Milagrosa – CD Lugo B
Residencia A – Villalbés A
Fonsagrada – Ferroviaria A
Sagrado – Casás A

## INFANTIL 1º Aut. SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| SD Antas – Ferroviaria B | 12–0 |
| Becerreá – CD Corgo | 8–0 |
| Piringalla A – Polvorín B | 7–2 |
| Palas – Sarriana | Merc. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. ANTAS | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 12 | 0 |
| S.D. BECERREA | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 8 | 0 |
| PIRINGALLA "A" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 7 | 2 |
| PALAS C.D. | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RESIDENCIA "B" | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| S.D. SARRIANA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| EF POLVORIN "B" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 7 |
| C.D.CORGO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 8 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ferroviaria B – Palas
Polvorín B – Residencia B
Corgo – Antas
Sarriana – Piringalla A

## CADETE 1º Aut. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CD Foz – SD Viveiro | Susp. |
| Lourenzá – RC Villalbés B | Susp. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA S.D. | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| C.D. FOZ | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| E.D. LOURENZA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RC VILLALBES "B" | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| S.D. VIVEIRO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SD RIBADEO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

### PRÓXIMA XORNADA

RC Villalbés B – CD Foz
SD Ribadeo – Burela SD

## CADETE 1º Aut. CENTRO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Polvorín A – Piringalla A | 1–1 |
| CD Castro – Sagrado | 3–2 |
| Residencia B – Ferroviaria | 6–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RESIDENCIA "B" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 6 | 0 |
| C.D. CASTRO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 2 |
| PIRINGALLA "A" | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| EF POLVORIN "A" | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| C.P. CASÁS | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SAGRADO C. | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 3 |
| A.D. FERROVIARIA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 6 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sagrado – Polvorín A
Ferroviaria – CD Castro
Casás – Residencia B

## CADETE 1º Aut. SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Becerreá – Residencia A | Susp. |
| Piringalla B – Sarriana | Susp. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD BECERREÁ | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RESIDENCIA A | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| MONTERROSO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| PIRINGALLA B | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SARRIANA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| POLVORÍN B | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sarriana – Monterroso
Polvorín B – Piringalla B



Os xogadores do Lugo celebrando o un a cero que asinou Yago no minuto doce de encontro ante o Real Avilés no Campo Municipal da Cheda o pasado sábado

# O Lugo gaña no campo, pero terá que facelo tamén nos despachos

## UN DESPISTE AO FACER O QUINTO TROCO pon en xaque os tres puntos que conseguiron con moita suficiencia no céspede

| CD LUGO | | | REAL AVILÉS |
|---|---|---|---|
| Goles: Yago, Gómez e Schuster. | 3 | 0 | |




**Árbitro:** Javier Pérez Prado, Adrián Fernández e Alberto Lago **Campo:** A Cheda

**"PARTIDO BIEN TRABAJADO POR LOS CHAVALES"**
JUAN SUBIRÁN, Club Deportivo Lugo

**4**

**CAMBIOS** son os que están autorizados na División de Honra xuvenil según a normativa vixente, polo que dos cinco xogadores que como máximo poden estar no banquiño en cada encontro tan só poden participar catro ao longo do encontro

**5**

**TROCOS FIXO O LUGO** co partido xa totalmente sentenciado, con 3-0 no marcador. Yago sentiu moléstias físicas e foi sustituido polo porteiro Demetrio, que xogou os últimos dez minutos coma dianteiro unha vez que xa se fixeran outros catro cambios

O Lugo remata a segunda xornada no máis alto da clasificación da División de Honra xuvenil. O conxunto que dirixe Juan Subirán instálase, a día de hoxe, no primeiro chanzo con pleno de puntos tralas dúas primeiras xornadas nas que se impuxo ao Calasanz da Coruña por un gol a tres e ao Real Avilés por tres a cero.

A incógnita é si seguirá contando co pleno de puntos xa que o encontro ante o Avilés, presumiblemente seguirase xogando nos despachos. No terreo de xogo o Lugo impúxose con moita suficiencia, pero unha xa anunciada reclamación do conxunto asturiano por alineación indebida pode tirar por terra a superioridade que se viu ao longo do encontro na Cheda.

Co partido visto para sentenza e con tres a cero no marcador chegouse ao minuto 79, no que Yago sentiu molestias físicas. O banquiño lucense deu entrada ao porteiro reserva neste partido, Demetrio, como xogador de campo substituíndo ao punta sarriao, sen caer na conta de que xa realizara os catro cambios permitidos e, sobre todo, sen intentar sacar beneficio deportivo nun partido completamente sentenciado.

Nada máis asubiar o colexiado o final do duelo, o corpo técnico do Real Avilés acudiu ao vestiario do árbitro, Javier Pérez Prado, para mostrar o seu interese en reclamar o encontro por alineación indebida, pero na acta do encontro o árbitro lucense non fixo mención algunha a esta alteración.

Desde o Club Deportivo Lugo recoñécese o erro e aseguran non ter constancia da reclamación oficial do Real Avilés, pero no caso de que a fagan, tamén aseguran un recurso e estar tranquilos polo desenlace da situación.

No meramente deportivo o equipo disputou un encontro moi completo. Juan Subirán introduciu dous cambios no once respecto da xornada inaugural entrando nel Yago e Schuster.

O Lugo quixo e foi protagonista do partido a partir da posesión do balón, cun fútbol fluído en ataque e algunha complicación nos primeiros minutos co fútbol directo dos asturianos.

Aos doce minutos chegou o un a cero cun roubo de balón de Yago e finalización do punta ante o porteiro rival.

O gol propiciou uns minutos de relaxación que o Avilés aproveitou para deixarse ver un pouco, pero co dous a cero o Lugo asestou un golpe de autoridade nunha xogada na que escondeu o balón e circulou de lado a lado ata que Gómez apareceu desde segunda liña para rematar desde dentro da área un pase atrás.

Co Avilés tocado, os lucenses non deixaron pasar a oportunidade de sentenciar o partido e fixérono co tres a cero, aínda na primeira parte, por medio de Schuster ao culminar unha contra cun disparo desde fóra da área.

Nos segundos corenta minutos apenas houbo emoción, o Lugo puido ampliar a conta con algunha contra ao estar xa o Avilés cos brazos baixados, moito antes ata de que chegase o polémico quinto cambio.



O lateral esquerdo, Luis, protexendo o esférico



Yago tratando de superar a dous contrarios



O albivermello Ernesto na loita por un balón dividido



Eloy trata de superar unha entrada dun xogador rival


Ángel a piques de gañarlle a partida a dous rivais


Anxo loitando en medio campo con tres defensores


Speedy a piques de encarar a un xogador ourensán

# Continúa a fuga defensiva

**O RÁCING VILLABÉS VOLVEU FACER AUGAS ATRÁS** e encadea a súa segunda derrota noutros tantos encontros, nos que encaixou oito goles en 180 minutos de xogo esta tempada

| RC VILLALBÉS | 0 | 4 | PABELLÓN OURENSE |
|---|---|---|---|
| | | | **Goles:** Jose, Osaín (2) e Brais. |




**Árbitro:** Pedro Castro, Iván Prado e Fernando Díaz **Campo:** Estadio Roca - Vilalba

O Pabellón Ourense levouse os tres puntos do Roca ante un Rácing Villalbés que empezou o curso facendo augas en defensa.

**"CONCEDIENDO TANTO A NIVEL DEFENSIVO ES COMPLICADO COMPETIR CUALQUIER PARTIDO. EL PRIMER OBJETIVO QUE NOS MARCAMOS ES MEJORAR EN ESTA FACETA"** CHOLAS, Villalbés

Os de Cholas encaixaron catro goles na primeira xornada en Pontevedra e outros catro en casa ante o Pabellón, polo que os deberes ao longo da semana centraranse neste aspecto concreto do xogo.

O partido, como o do debut, non foi para un resultado tan avultado. Ante o Pabellón as forzas estiveron moi igualadas sobre todo na primeira media hora de xogo, na que os dous equipos mostráronse moi sólidos pero nos dez últimos da primeira parte o encontro deu un xiro total.

O cero a un chegou desde os once metros ao transformar o Pabellón un penalti, e o cero a dous antes de chegar ao descanso cun centro lateral e remate.

Nun visto e non visto o marcador foise ata o cero a dous xusto antes de terminar a primeira parte.

**OS MELLORES**

| RC VILLABÉS | |
|---|---|
| LÓPEZ | 3 |
| BUJÁN | 2 |
| MARTÍN | 1 |

Xa na segunda o Pabellón tirou de solvencia defensiva acumulando moitos xogadores por detrás do balón e esperando a súa oportunidade á contra.

O cero a tres chegou deste xeito a media hora para o final, e o avultado cero a catro no sprint final dun partido no que se mediron dous equipos cun potencial máis similar do que indica o marcador final.

**8**

**GOLES EN DOUS PARTIDOS**
Na tempada pasada ao Rácing Villalbés tardaron nove xornadas en facer oito goles, os mesmos que nos primeiros 180 minutos da presente campaña

**Próxima xornada**

O Villalbés viaxa á Coruña para medirse cun Victoria que tamén empezou a tempada con dúas derrotas, polo que o duelo que se vivirá na Grela terá xa moito en xogo.

# Esta vez a remontada valeu por todo o botín en xogo

**O ALONDRAS ADIANTOUSE NO MARCADOR,** pero o Lugo B, como na primeira xornada, foi regular todo o partido e tivo a recompensa cos goles de Rodrigo e Samu


Samu conducindo o balón entre tres xogadores rivais

| ALONDRAS | 1 | 2 | CD LUGO B |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Raúl. | | | **Goles:** Samu e Rodrigo. |




**Árbitro:** Alberto Gómez, Daniel Vilar e Brais Baltasar **Campo:** Municipal do Morrazo, Cangas

Paso a paso faise camiño e esta parece a premisa que está seguindo o Lugo B neste inicio de curso na Liga Nacional xuvenil.

Este grupo de xogadores e corpo técnico ten o complicado reto de estar á altura das expectativas que veñen xerando, e nos dous primeiros encontros de Liga, incluso os están a superar.

Cun patrón de ruta definido e sobre todo mantendo unha liña regular ao longo dos noventa minutos, o filial xuvenil suma catro dos seis puntos en xogo ata a data. Na primeira xornada empataron no tramo final un partido que perdían por cero a dous, e en Cangas, ante un Alondras que competiu a pasada tempada na División de Honra xuvenil, remontaron o un a cero co que se adiantaron os locais na primeira parte.

**"A SOLIDARIEDADE E ESFORZO DE TODOS OS INTEGRANTES DO EQUIPO CONSEGUE QUE FAGAMOS FRENTE A ESTOS PARTIDOS TAN ESIXENTES"** BRAIS PRADOS, CD Lugo B

De inicio o Alondras cedeulle a iniciativa no xogo a un Lugo B que aceptou o reto de bo gusto. Os locais cun 5-3-2 en repliegue buscaban o erro do Lugo B na creación para saír con velocidade cos seus dous puntas, ambos moi rápidos e que xeraron sensación de perigo nos primeiros minutos, o tempo que tardou o Lugo B en asentarse no terreo de xogo e minimizar as perdas de balón.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial, co partido controlado polo Lugo B pero sen mordente arriba. Brais Prados incidiu no descanso neste aspecto e o equipo tivo máis mordente e chegada na segunda parte.

Ata tras encaixar o un a cero nunha acción un pouco polémica na que o colexiado principal corrixiu ao linier que levantara o banderín sinalando fóra de xogo.

Con máis de media hora por diante o Lugo B non perdeu a calma en ningún momento e a recompensa chegou co empate por medio de Rodrigo tras unha transición rápida e co un a dous que asinou Samu, tamén tras roubo de balón e posterior condución e remate ao fondo das mallas do centrocampista lucense.

No tramo final o Alondras envorcouse en busca do empate colgando balóns á área e dispuxo dun córner que terminou co balón no largueiro, pero o Lugo mantívose firme e saíu de Cangas con todo o botín en xogo.

Na próxima xornada chega o actual campión de Liga a A Cheda, o Celta B.

# O gol, asignatura pendente

**Á RESIDENCIA FALTOULLE PAUSA E DEFINICIÓN** para plasmar no marcador final a súa superioridade ante un Galicia Caranza que se impuxo na Cheda

| SDC RESIDENCIA | 0 | 1 | GALICIA CARANZA |
|---|---|---|---|
| | | | Gol: Paulo |




**Árbitro:** Jorge Carballido, Adrián Rodríguez e Adrián Estráviz **Campo:** Municipal A Cheda

**1**

**AUSENCIA** Diego Revuelta non puido estar dispoñible para Adrián Vázquez. Pola contra, Lis disputou os seus primeiros minutos na súa segunda etapa coa camisola da Residencia



Fonseca desbordando pola banda a un defensa ferrolán



Cristhian presionando a un dianteiro do Galicia Caranza na Cheda

**"UNHA LÁSTIMA QUESE ESCAPARAN OS PUNTOS NUN PARTIDO NO QUE PENSO QUE FOMOS CLARAMENTE SUPERIORES AO NOSO RIVAL"** ADRIÁN VÁZQUEZ, SDC Residencia

Un solitario gol ao cuarto de hora de xogo serviulle ao Galicia Caranza para levarse os tres puntos da Cheda ante unha Residencia que, por méritos, mereceu todo o botín en xogo, pero a lei do gol foi máis contundente que nunca neste encontro.

Certo é que os de Adrián Vázquez empezaron o encontro sen a tensión necesaria, e froito diso encaixaron o cero a un cun disparo desde o borde da área, posición á que chegou un xogador ferrolán demasiado cómodo.

A partir de aí a Residencia fíxose co partido. De inicio os lucenses saltaron ao terreo de xogo cun 3-4-3 que Adrián Vázquez modificou no descanso.

Aínda no primeiro tempo Fonseca, cun man a man ante o porteiro visitante, Iván, cun remate de cabeza e Conde, cun par de disparos perigosos nos que o gardameta ferrolán estivo moi acertado, dispuxeron das ocasións máis claras para, como mínimo, chegar con empate ao descanso.

Tralo paso polos vestiarios a Residencia empezou cun 4-2-3-1 para intentar derrubar o entramado defensivo dun Galicia Caranza en repliegue que renunciou ao ataque moi pronto para manter a vantaxe.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| GARCÍA | 3 |
| CONDE | 2 |
| ADRI | 1 |

A aposta conservadora levouse os puntos neste encontro, xa que a Residencia, pese a intentalo por todos os medios con xogadas elaboradas, balóns colgados á área e accións a balón parado, non atopou o camiño do gol pese a xerar ocasións para iso.

O porteiro do Galicia Caranza terminou sendo o mellor do encontro de longo ante unha Residencia que se resignou pese a buscar o empate ata o asubío final na Cheda.

# O Viveiro lavou a imaxe e marcou o rumbo a seguir

**CERO A UN** chegaron a mandar os celestes no marcador na segunda metade

| MONTAÑEROS | 2 | 1 | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| Goles: Carballo e Edu | | | Gol: Trasi |




**Árbitro:** Martín García, Álvaro Gil e Andrea Baneira

**"ESTA ES LA IMAGEN QUE DEBEMOS DAR EN TODOS LOS ENCUENTROS, FUE UNA PENA QUEDARNOS SIN PUNTUAR"** ANTONIO SERRANO, Viveiro CF

O Viveiro saíu fortalecido da Grela pese a perder por dous goles a un. Os de Antonio Serrano viaxaron á Coruña coa premisa de facer borrón e conta nova trala primeira xornada, e viuse un equipo moito máis compacto e próximo ao que pode dar de si esta tempada.

Con tres centrais para fortalecer a zaga o Viveiro suscitou o encontro en repliegue para ir gañando en sensacións ao longo do encontro. O plan executouse á perfección, xa que malia que o Montañeros tivo un par de ocasións que salvou un acertado Pablo baixo paus, as sensacións ao descanso eran boas co cero a cero inicial que puido romper Diego tras unha gran acción por banda, e Borja cun remate alto.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| DIEGO | 3 |
| TRASI | 2 |
| PABLO | 1 |

Na segunda parte o Viveiro atopou máis espazos para saír á contra e plasmou as sensacións no marcador co cero a un que asinou o debutante Trasi tras aproveitar o rexeite dun disparo de Diego, o mellor xogador do encontro.

Co partido de cara o Montañeros volveuse meter nel ao empatar moi pronto, tan só cinco minutos despois do cero a un e no cara ou cruz dos últimos minutos o equipo herculino fixo o dous a un nunha acción fortuíta, mentres que Noel tivo o empate na ocasión máis clara para os celestes.

# Dous minutos fatídicos na Grela

**O RÁCING VILLALBÉS B** encaixou dous goles consecutivos

| URAL B | 2 | 1 | RC VILLALBÉS B |
|---|---|---|---|
| Goles: Carlos e Iago | | | Gol: Abel |




**Árbitro:** Martín García, Jorge Escribano e Martín Zás



Iago Buján a piques de chegar a un centro nun partido no Roca

**"TIVEMOS DOUS MINUTOS DE DESCONEXIÓN QUE NOS PENALIZARON MOITO NO ENCONTRO E NO MARCADOR FINAL"** IVÁN LAMAS, RC Villalbés B

Ural B e Rácing Villalbés B medíronse na Grela nun partido no que se viron dous equipos cun potencial similar, pero os tres puntos quedáronse na Coruña tras dous minutos que marcaron os noventa de xogo.

Coa intensidade por bandeira saltaron ambos conxuntos ao terreo de xogo, sendo Buján o que tivo a primeira gran ocasión cun man a man no que picou o balón, pero este foise rozando o largueiro. Pouco despois Iago Gesto, cun remate á saída dun córner, tamén acariñou o cero a un antes de chegar ao ecuador da primeira parte.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS B | |
|---|---|
| IAGO | 3 |
| NOEL | 2 |
| PEDRO | 1 |

Foi entón cando o partido cambiou radicalmente en dous minutos, tempo no que o Ural B fixo o un a cero, e nada máis sacar de centro o Rácing perdeu o balón encaixando o dous a cero.

Aos de Iván Lamas custoulles volver meterse no encontro, pero co gol de Abel tras un centro de Iago Gesto, os chairegos recuperaron o pulso de cara á segunda parte.

O Villalbés B foi mellor nesta metade, mellorando as prestacións respecto dos primeiros corenta e cinco minutos, pero faltoulle mordiente en ataque para poder xerar ocasións claras de gol e poder, como mínimo, sumar un punto que no global do encontro mereceron, xa que tan só foron inferiores ao Ural B en dous minutos concretos e no marcador final.

# Vitoria das que dan crédito

**O LUGO IMPÚXOSE NO SEMPRE COMPLICADO CAMPO DE BERTAMIRÁNS** plasmando á perfección o traballo semanal no que Dani Galán cambiou o habitual estilo e sistema de xogo

| BERTAMIRÁNS | 0 | 3 | CD LUGO |
|---|---|---|---|
| | | | **Goles:** Manel, Luis e Borja |




**Árbitro:** Xairo Antelo, Jorge García e Sergio García **Campo:** Municipal de Bertamiráns

O Lugo saíu de Bertamiráns como moi poucos equipos lograrán facelo ao longo da tempada. O cero a tres final ten mérito, pero moito máis a forma na que se conseguiu.

Os de Dani Galán chegaban á cita tras perder no debut liguero co Ural na casa, nun partido no que o resultado non fixo xustiza ao que se viu sobre o terreo de xogo. Durante a semana o adestrador lucense, consciente do que se atoparía en Bertamiráns, incidiu nos adestramentos en buscar un fútbol máis directo, o mesmo que se atoparían nun terreo de xogo de dimensións tan pequenas como o de Bertamiráns.

Galán reforzou o centro do campo con catro centrocampistas, entrando no once respecto da primeira xornada Juanma e Xoel Irimia.

O plan era meter ao rival no seu campo e xogar a partir das segundas accións e saíu como se esperaba. Certo é que a primeira ocasión foi para os locais tras unha acción a balón parado, pero a réplica chegou por medio de Pablo que estivo a piques de inaugurar o marcador cunha vaselina.

Pasado o ecuador da primeira parte, o Lugo empezou a dominar con autoridade con chegadas por banda e centros, polo que o gol parecía cuestión de tempo e este chegou cun pase ao espazo de Xoel Irimia que culminou á perfección Borja cun golazo para facer o cero a un.

No descanso o Lugo variou o debuxo, volvendo ao tradicional 4-3-3 e escondéndolle o balón ao Bertamiráns. Manel deu a puntilla co cero a dous aos oito minutos tras rematar un saque de esquina no primeiro pau, e con iso o Lugo puxo rumbo fixo cara aos tres puntos.

A sentenza chegou por medio de Luisito, ao definir á perfección diante do porteiro co cero a tres co que o Bertamiráns xa baixou os brazos ante a superioridade lucense.

**2**

**NOVEDADES NO 11 INICIAL**
Juanma e Xoel Irimia debutaron no equipo titular reforzando un centro do campo que se amosou superior ao do Bertamiráns ao longo dos oitenta minutos



Luisito, autor do cero a tres en Bertamiráns, disparando a portería na xornada inaugural

**"EL EQUIPO SE ADAPTÓ BIEN A UN CAMPO Y UN RIVAL COMPLICADO, COMPITIENDO EN TODO MOMENTO A UN GRAN NIVEL"** DANI GALÁN, CD Lugo

# Pesadelo do Viveiro en Leyma dende o asubío inicial

**O MONTAÑEROS, LÍDER DA COMPETICIÓN,** xa mandaba no marcador por 3-0 aos cinco minutos

| MONTAÑEROS | 9 | 0 | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Álex, Dani (2), León (3) e Julián (2) | | | |




**Árbitro:** Óscar Regos, Brais Ron e Martín Zas.

**"LOS ERRORES QUE COMETIMOS EN LOS PRIMEROS CINCO MINUTOS DE JUEGO MARCARON EL TRANSCURSO DEL ENCUENTRO"** TITO, Viveiro CF

**11**

**GOLES A FAVOR** e ningún en contra leva o Montañeros nas dúas primeiras xornadas, nas que xa se instalou no máis alto da Liga Galega cadete e preséntase como principal candidato ao ascenso de categoría

O Viveiro viviu un pesadelo no encontro que lle mediu cun dos principais aspirantes ao ascenso, como é o Atlético Coruña Montañeros.

Os celestes, con Tito no banquiño á fronte do equipo, presentáronse en Leyma coa premisa de ser sólidos en defensa e minimizar os erros atrás, pero o plan trazado foise pola borda moi pronto, excesivamente pronto.

Aos vinte segundos de xogo, practicamente na primeira xogada do encontro, chegou o un a cero. Sen marxe para a reacción, aos tres minutos chegou o dous a cero e aos cinco de xogo o marcador xa era de tres goles a cero.

Tito cortou a sangría cun par de retoques defensivos e o Viveiro evitou que a conta crecese en exceso malia chegar ao descanso con cinco a cero no electrónico do Municipal de Leyma.

A segunda parte foi máis equilibrada, pero os herculinos levaron o marcador ata o avultado nove a cero ao final do encontro.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| **VIVEIRO CF** | |
| DAVID | ●●● |
| PABLO | ●● |
| HUGO | ● |

**Próxima xornada**
O Viveiro recibe ao Rácing de Ferrol B no Marcos Gómez coa intención de estrear a conta de puntos esta tempada na categoría de prata do fútbol cadete.

# Excesivo castigo para o Rácing Villalbés na Coruña

**O URAL B,** con dous goles no treito final da primeira parte e outro ao inicio da segunda, sentenciou o partido

| URAL B | 5 | 1 | RC VILLABÉS |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Adrián (2), Hugo (2) e Samuel | | | **Gol:** Martín. |




**Árbitro:** Eric Vázquez, Diego Sanjurjo e Carlos Alba

**"EL ABULTADO MARCADOR FINAL NO PUEDE ESCONDER MUCHAS COSAS QUE HICIMOS BIEN A LO LARGO DEL ENCUENTRO"** JANDRO NOVOA, Villalbés

**3**

**GOLES EN DEZ MINUTOS**
O Villalbés encaixaronlle dous goles nos dous últimos minutos da primeira parte e outro aos oito de xogo da segunda metade

O Rácing Villalbés segue pulindo detalles para ser máis competitivo nunha categoría na que a maior parte dos xogadores cumpren o seu primeiro curso. Na xornada inaugural foron as postas en escena as que condenaron aos de Jandro Novoa, mentres que nesta, tres goles encaixados en apenas dez minutos entre o final da primeira parte e o inicio da segunda levaron o marcador final ata un excesivo cinco a un.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| **RC VILLALBÉS** | |
| MARTÍN | ●●● |
| AMADO | ●● |
| DIEGO | ● |

Jandro Novoa suscitou de inicio un encontro con presión alta, pero os chairegos non axustaban ben a saída de balón local e tralo un a cero ao cuarto de hora apostaron por un repliegue co que se atoparon máis cómodos.

Cristian tivo unha clara ocasión para o empate pero cando máis igualadas estaban as forzas sobre o terreo de xogo, o Ural B levou o marcador ata o tres a un ao descanso con dous goles nos dous últimos minutos.

O Villalbés iniciou a segunda parte con boas sensacións e ocasións por medio de Carlos e Javi con candaseu remates de cabeza pero a efectividade correu a cargo dos herculinos co cuarto gol que sentenciou o partido.

Tralo cinco a cero, Martín maquillou o marcador final cun gol de falta directa.


Cabarcos medíndose en velocidade cun rival ante Madriles


Hugo conducindo o balón ante o colexiado Fraga Torres


Juan loitando por un balón dividido pola banda cun rival

| SCD MILAGROSA | 0 | 1 | GALICIA CARANZA |
|---|---|---|---|
| | | | Goles: Samuel |




**Árbitro:** José Luis Fraga, Abdelouadoud Boutzakate e Brenda Lence **Campo:** Frigsa

# No gol, no party

## A MILAGROSA SEGUE SEN VER PORTERÍA neste inicio de tempada. Ante o Galicia Caranza caeu tras encaixar o 0-1 no treito final

**"LA FALTA DE GOL Y LA CONCESIÓN QUE HICIMOS EN LA RECTA FINAL DEL ENCUENTRO NOS CONDENARON A LA DERROTA"** MADRILES - Milagrosa


Miguel a piques de sacarlle o balón a un rival ante Cris

Os 160 minutos disputados pola Milagrosa esta tempada teñen máis luces que sombras pese a que os de Madriles aínda non puntuaron nin viron portería rival.

O primeiro encontro en Santiago foi de claro dominio local, aínda que o marcador final fose de dous goles a cero, mentres que ante o Galicia Caranza a Milagrosa volveu xerar ocasións dabondo para poder inaugurar o casilleiro de puntos. Con todo, un solitario gol do Galicia Caranza na recta final do encontro tras unha acción illada nun saque de esquina, propiciou a segunda derrota noutros tantos encontros disputados.

A posta en escena dos lucenses foi moi boa, dispoñendo Leo da primeira ocasión clara.

Co paso dos minutos o Galicia Caranza variou o seu xogo pasando a un fútbol directo co que a Milagrosa tivo máis problemas a partir das segundas xogadas. Pese a iso, Leo e Juan volveron ter as ocasións máis claras para romper o cero a cero inicial co que se chegou ao descanso.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| SCD MILAGROSA | |
| MIGUEL | 1 1 1 |
| DIEGO | 1 1 |
| JUAN | 1 |

A Milagrosa volveu saltar ao campo enchufada tralo paso polos vestiarios, sendo Rafa e Diego Cabarcos os que amagaron co gol ao dispoñer de cadanseu man a man co porteiro ferrolán no que non atoparon portería.

A sensación, co paso dos minutos, era que a Milagrosa teríase que conformar cun punto, pero na recta final, tras un saque de esquina, chegou o xerro de auga fría co cero a un. David, no desconto, estrelou un balón no pau na última ocasión para salvar parte do botín en xogo.

# Vía crucis do Lugo na súa visita ao Mundo do Fútbol

## OS DE ANTÓN MÉNDEZ CAERON DERROTADOS nun encontro no que remataron a última media hora en inferioridade tras sufrir tres lesións ao longo do encontro

**3**

**XOGADORES LESIONADOS**
Sergio con problemas nun brazo, Buide tras un golpe na cadeira e Antón con dolores no xeonllo tiveron que abandonar o terreo de xogo

**30`**

**CON DEZ XOGADORES**
Catro goles do Deportivo chegaron nos últimos vinte minutos, tempo no que os herculinos xogaron en superioridade numérica trala lesión de Antón


Ayman controlando o balón ante un defensa rival

| DEPORTIVO B | 7 | 0 | CD LUGO B |
|---|---|---|---|
| Goles: Fernando, Raúl, Carlos, Álvaro, David e Hugo (2) | | | |




**Árbitro:** Alejandro Vázquez, Andrés Cabana e Iván Martínez **Campo:** Abegondo

**"PARTIDO PARA APRENDER. ESPERAMOS QUE LOS LESIONADOS SE RECUPEREN PRONTO"**
ANTÓN MÉNDEZ, CD Lugo B

Hai partidos nos que dá a sensación de que todo o que pode saír mal sae mal. E se iso sucede en Abegondo e ante o Deportivo, o desenlace pode ser moi cruel.

O sete a cero que encaixou o Lugo B nesta segunda xornada é moi avultado, pero a superioridade dos herculinos tamén o foi. A xeración do Deportivo, campioa Galega en infantís a pasada tempada, exerceu a súa superioridade desde os primeiros minutos nos que o Lugo B viuse obrigado a achicar balóns e sacar dous remates sobre a liña de gol.

A mellor noticia en Abegondo para o Lugo era que ata a media hora de xogo o marcador era de cero a cero, mentres que ao descanso chegouse con tres a cero.

Na segunda parte Antón Méndez refrescou o equipo cos cambios e a diferenza se estancou, pero só ata que empezaron a chegar os problemas en forma de lesión. Buide e Sergio foron substituídos, pero cando chegou a terceira, a de Antón, xa estaban todos os cambios realizados.

Con media hora por diante e con tres a cero no marcador o Lugo B tivo que xogar con dez ante un Deportivo B que cheirou o sangue e foi directo á ferida lucense.

O marcador nos últimos vinte minutos foise ata un avultado sete a cero do que o filial cadete do Lugo ten que facer borrón e conta nova canto antes, ademais de recuperar aos lesionados.

### Próxima xornada

O Lugo B de Antón Méndez terá un complicado rival a próxima fin de semana no que recibirán ao líder da Liga Galega cadete, o Atlético Coruña Montañeros, que suma por vitorias os dous encontros disputados con once goles a favor e ningún en contra nos 160 minutos xogados.

# A posta en escena enguliu ao Lugo en Abegondo

**O DEPORTIVO XA MANDABA POR 2-0 AOS SEIS MINUTOS** e fixo o 3-0 aos 18 de xogo. A partir de aí os lucenses tiveron opcións de marcar e igualaron forzas pese ao dominio herculino

| DEPORTIVO | 3 | 0 | CD LUGO |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Jorge (2) e Lucas Taibo.. | | | |




**Árbitro:** Héctor Castiñeira, Carlos Alba e Jorge Domínguez **Campo:** Abegondo



Jose pisando o balón entre dous defensas e dentro da área na pimeira xornada de Liga

O Deportivo quedouse cos tres puntos en xogo no Mundo do Fútbol de Abegondo tras impoñerse ao Lugo nun partido marcado pola posta en escena. Nela, os herculinos saltaron ao campo con moita intensidade e moito acerto no remate, levando o marcador ata o dous a cero cando tan só se disputaran seis minutos de partido.

Aos dous de xogo un disparo desde fóra da área sorprendeu a Jorge, que debutaba esta tempada baixo paus no once inicial, e sen que os de Jony se puidesen recuperar do primeiro contratempo, unha perda de balón en campo aberto supuxo unha contra letal que desencadeou no dous a cero aos seis minutos de partido.

O Lugo non conseguía asentarse no campo e campeou o temporal como puido ata encaixar o tres a cero aos dezaoito minutos, tras unha falta lateral colgada á área.

A partir de aí, e lonxe de baixar os brazos, o Lugo empezou a gañar en sensacións e coller aire, minimizando as perdas de balón ata chegar a dispoñer de ocasións para poder recortar distancias no marcador, sendo as máis claras dúas contras por medio de Jose e André. Na primeira o porteiro local gañou a partida a Jose, e na segunda André serviu un bo centro ao que non chegou por pouco Bruno.

> **"TEMOS QUE XOGAR SEMPRE DO MINUTO 1 AO 80 AO NOSO 100% PASE O QUE PASE. NORABOA A TODOS POLO ESFORZO REALIZADO"** JONY, CD Lugo

Ao descanso o Lugo chegou con constantes vitais, mentres que na segunda apelou á orde para que o Deportivo non atopase espazos para xogar por dentro.

Coas liñas xuntas, pero realizando un gran desgaste físico ao ter que correr detrás do balón, de novo Jose e André foron os que máis preto estiveron do gol para poder recortar distancias nun encontro no que a posta en escena condicionou o resto do partido.

O Lugo recibirá na próxima xornada ao Galicia Caranza coa intencion de volver á senda da vitoria.

# O Viveiro saíu mal parado do intercambio de golpes

**A MAIOR CONTUNDENCIA DO SAN TIRSO NAS ÁREAS** afastou aos mariñaos de poder estrear a conta de puntos na Liga Galega infantil esta tempada

**5**

**CAMBIOS NO ONCE INICIAL**
Fidi demostrou nas dúas primeiras xornadas que conta cunha plantilla na que moitos xogadores poden entrar e saír do equipo titular. Respecto á xornada inaugural o adestrador celeste introduciu cinco cambios



Juan Liz co balón en condución na primeira xornada

| SAN TIRSO | 3 | 1 | SD VIVEIRO |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Murillo (2) e Alexandre. | | | **Goles:** David Díaz. |




**Árbitro:** Eloy Galán, Agustín Sciarreta e Alejandro Fontela **Campo:** O Monte, San Tirso

O Viveiro cedeu os tres puntos en xogo na Coruña tras perder no seu primeiro encontro da tempada a domicilio ante o San Tirso, un equipo que se mostrou máis contundente nas dúas áreas ao longo dos oitenta minutos de xogo.

O encontro comezou de forma frenética, cun remate de Xoel Ferro que se estrelou no largueiro cando tan só se disputaran corenta segundos. A réplica non se fixo de rogar e aos dous minutos de partido o San Tirso, na súa primeira aproximación, inaugurou o marcador co un a cero tras

> **"PARTIDO EN EL QUE PERDONAMOS ARRIBA Y LO TERMINAMOS PAGANDO ATRÁS"** FIDI, SD Viveiro

unha chegada con centro á área que logrou despexar a zaga celeste, pero no rexeite Murillo adiantou ao seu equipo.

Sen un dominador claro no mediocampo, o xogo ía de área a área e o Viveiro atopou o empate por medio de David Díaz, que debutou no once inicial asinando o un a un tras unha condución por banda esquerda que finalizou cun disparo desde fóra do pico da área grande.

A igualdade instaurouse no encontro ata chegar ao descanso con empate a un, tendo a mellor ocasión para romper a igualdade na primeira parte Xoel Ferro, o mellor xogador do partido, cun man a man no que non puido superar ao porteiro local.

Tralo paso polos vestiarios o Viveiro tivo o encontro controlado, pero cando máis preto parecía o un a dous, chegou o dous a un tras unha falta lateral na que os celestes non estiveron contundentes.

**OS MELLORES**

| SD VIVEIRO | |
|---|---|
| XOEL FERRO | 1L 1L 1L |
| ADRI | 1L 1L |
| DAVID DÍAZ | 1L |

A partir de aí, o Viveiro adiantou liñas e tivo ocasións para empatar por medio de Xoel Ferro e Adri, pero a pegada volveu ás presas a cargo do San Tirso co definitivo tres a un tras unha nova acción a balón parado, nesta ocasión cun córner á hora de xogo.

## LA IMPORTANCIA DEL ENTORNO - Por Emilio Rosanes



El triste fallecimiento de nuestra medallista olímpica Blanca Fernández Ochoa ha abierto en nuestro país un acalorado debate sobre la figura del deportista de élite tras abandonar la práctica deportiva, especialmente la profesional.

En unos casos se defiende la protección con que deben ser respaldados los deportistas de élite por parte de nuestros organismos públicos al abandonar la práctica deportiva, mientras que, por otro lado, se postula que el trato ha de ser igual que al resto de personas anónimas silenciadas que han visto menguados de forma traumática sus ingresos.

La sobrevaloración del deporte profesional en la sociedad actual, una sociedad en la que sólo se valora el éxito y que no prepara a la persona para el fracaso, no contribuye a aportar el escenario adecuado para el tránsito del éxito al anonimato. Una sociedad necesitada de héroes que eleva a la categoría de tales a personas que saltan, corren, dan con un pie a un balón o lanzan una pelota.

